

Merca a quen o herdou, non a quen o traballou (Anónimo)

RESUMO-2004

O alumeado das nosas rúas, lembran que estamos ás portas dun novo ano.

Corresponde pois un pequeno resumo dos feitos laborais que marcaron o noso entender a Acción Sindical neste 2004.

Comezamos o ano coa discusión dun Convenio Colectivo controvertido entre outras cousas pola súa vixencia. A pesar de elo, na valoración que

fixeron os afiliados e afiliadas, pesou máis o compromiso polo emprego e o seguir desenvolvendo políticas de apoio no tecido industrial da zona. Un Convenio onde tamén adquirimos compromisos serios; como exemplo o pase a 8 h. dos traballadores/as fixos a tempo parcial.

O 2004 tamén pasara a historia como o ano en que os Pintores perderon un Dereito adquirido como son os descansos. Unha zona onde tanto se loitou por mellorar as súas condicións de traballo, víronnas reducidas no nome da "igualdade negativa". O documento foi aprobado pola maioría do Comité de Empresa (S.I.T., U.G.T.).

O Calendario Laboral, foi outro dos acontecementos que mereceron o debate. Nesta ocasión, foron os traballadores/as do Picasso, particularmente na Quenda de Noite, sobre os que descan-

san as maiores dificultades. A pesar delo, a C.I.G. asinou por entender que a conxuntura productiva esixe certo sacrificio colectivo. E dicimos colectivo, de aí que insistíramos na necesidade dunha distribución racional na carga de traballo.

Entre a problemática diaria está a dos limitados/as, da que seguimos pendentes dun debate específico coa Dirección co fin de acadar unhas regras que permitan adoptar solucións eficaces.

Emprego, se a igualdade de oportunidades debe presidir a nosa actuación sindical, no caso do emprego, ó ser vital para a vida das persoas, a C.I.G. agarda que este ano que comeza se lle dea solución as fragantes discriminacións que con tanta frecuencia se veñen dando.

SUMARIO:

- ↳ RESUMO ANO 2004
- ↳ RECLAMACIÓNS Á INSPECCIÓN
- ↳ I.P.C. do 2004
- ↳ Saúde Laboral: EPI-CONDILITE
- ↳ Delegado Noite
- ↳ Cartas:
"VALEU A PENA"
- ↳ Vestiarios

RECLAMACIONES ANTE A INSPECCIÓN

Despois dunha protesta formal levada a cabo pola Sección Sindical ante a Inspección de Traballo, como consecuencia do silencio administrativo que parecían ter os nosos escritos, o seu Responsable veu de darnos contestación as nosas denuncias:

1.- CAMBIOS DE HORARIOS NA NOITE

Resposta: *“que deben ser notificados con 24 hs. de antelación.”*

2.- XORNADAS DE 12-14 HS.

(quenda de noite)

Resposta: *“Demanda ante Maxistratura”*

3.- VELOCIDADE DA CADEA-NOITE:

Resposta: *“Demandar ante maxistratura”*

4.- DÍAS DE MONTAXE

(dificultades para disfrutalos en venres ou luns)

Resposta: *“Tamén debemos presentar demanda ante maxistratura”*

5.- PROFESIONAIS DE FIN DE LIÑA:

Resposta: *“Presentar Demanda, que será acompañada do informe previo do Comité de Empresa, de ser necesario o Xuíz recabará informe da Inspección”*

6.- LIMITADA NON ADAPTADA:

Resposta: *“Que Prevención, cos seus mecanismos legais, debe avaliar a posible incidencia na súa saúde”.*

7.- RECORTE PARADAS PINTURA:

Resposta: *“Que se fixo un seguimento por parte do seu departamento na verificación dos protocolos e actuacións nas medicións na área de Seguridade e Hixiene. Tendo previsto revisalo, pasado un tempo prudencial”*

I.P.C.


Co último dato do mes de novembro, o IPC, nestes 11 meses está no 3,2%.

Xaneiro	-0,7	Xullo	-0,8
Febreiro	0	Agost.	+0,4
Marzo	+0,7	Setem.	+0,2
Abril	+1,4	Outub.	+1,0
Maio	+0,6	Nove.	+0,2
Xuño	+0,2		

Se a mes de decembro, a suma total dos resultados é superior ó 3%, correspondería aplicar a revisión salarial na cantidade que supere esta porcentaxe e dende o mes en que foi superada

EPICONDILITE

Termo que se emprega para describir unha sintomatoloxía dolorosa localizada na cara externa do cúbado.



Esta enfermidade xurde principalmente nas actividades profesionais onde se realizan movementos repetitivos de ro-

tación do cúbado con extensión e contracción do antebrazo ao mesmo tempo que a man exerce presión sobre algún obxeto.

Aínda que o seu nome está relacionado co deporte de elite (o tenis), esta é unha enfermidade que se xera, principalmente, no mundo laboral naqueles postos nos que os traballadores e traballadoras teñen que realizar uns movementos repetitivos, como os de manipulación de martelos, máquinas de aperte, pinzas, alicates, etc.

As solucións que se adoptan para a súa curación, son a rehabilita-

ción, a colocación de elásticos no antebrazo, filtracións, e intervención quirúrxica; sendo, en moitos dos casos, dunha difícil curación total. Estas características da epicondilitis, fan que sexa necesario o cambio dos postos de traballo para aqueles nos que non se realicen os movementos repetitivos que a orixinan.

Esta é unha enfermidade profesional, e como tal ten que ser tratada

NOVO DELEGADO NA QUENDA DE NOITE

Debido a razóns de índole persoal, a compañeira Ana Cuesta Goyanes, da Quenda de Noite, solicitou o seu relevo nas funcións de Delegada, en consecuencia a Asemblea Xeral de Afiliados e Afiliadas do pasado día 27 decidiu nomear como substituto ó

compañeiro, tamén de



Montaxe e da mesma Quenda, Xaime CASTRO RODRIGUEZ. ó que lle damos a benvida.

Con respecto a Ana vaia o noso recoñecemento para quen soubo afrontar a defensa dos intereses dos seus compañeiros e compañeiras.

VALEU A PENA



Nestes día celebrouse o aniversario do falecemento de Celso Emilio Ferreiro.

Ese día reciteille ós meus compañeiros matutinos o poema do BELLO TRABALLADOR.

“Agora tomo o sol. Pero até agora traballei cincuenta anos sin sosego. Comín o pan suando día a día nun laborar arreo. Gastei o tempo co xornal dos sábados, pasou a primavera, veu o inverno. Dinlle ao patrón a frol do meu esforzo i a miña mocidade. Nada teño. O patrón está rico á miña conta, eu, á súa, estou vello. Ben pensado, o patrón todo mo debe. Eu non lle debo nin xiquera iste sol que agora tomo. Mentras o tomo, espero

Eu son un deses xubilados que costoulle ferro e fariña para manter a súa dignidade como persoa e como traballador nos 37 anos que votei na fábrica, e debo dicir queridos compa-

ñeiros que non me arrepiño das renuncias que elo me supuso. Agora é cando máis saboreo haber escollido ese camiño, xa que, ademais de seguir disfrutando da miña familia, tamén o fago cos meus amigos cando polas mañás facemos os percorridos polas fermosas praias, do Bao... Samil... A Fonte..., desenfados e contándonos as innumerables batallas.

No camiño crúzanse algún que outro ó que vemos con tristura, son aqueles que gustaron de perseguirnos e discriminarnos por defender a liberdade de pensamento, agora que se ven noutra realidade, camiñan sós e desconfiados dos demais por tanto dano que fixeron.

Ó aire libre o que nunca renunciarei e a boa compañía fanme sentir ben para comigo mesmo, dándome forzas para seguir afrontando cada día que nace, coa cabeza ben alta.

O tempo, ás veces, coloca a cada quen no seu lugar.

VESTIARIOS

Unha vez máis coa posta en marcha do vestiario B-C, e a pesar das nosas observacións feitas, tanto na planificación, como na posta en servizo, sobre as deficiencias (accesos, taquillas, bancos...). os traballadores/as vense na obriga de soportar estas incomodidades.

Cal é a razón para que un acceso de tanta altura (tres plantas), quede restrinxido a un só montacargas, que ade-

mais ten o seu uso limitado por un vixiante? Se cadra, é para provocar que os traballadores/as, teñan que subir os 62 peldaños. Por que non se aplica esta nova experiencia noutras instalacións que contan con ascensor?.

É evidente que vén faltando sensibilidade para con estas instalacións, por elo reiteramos:

- .- máis médicos mecánicos.
- .- taquillas en bo estado.
- .- bancos que cubran as necesidades